

Analise da Reforma e alternativas da CIG



O 29 de setembro a clase traballadora galega imos ir á folga xeral

O próximo 29 de setembro, a CIG convoca a todos os traballadores e traballadoras galegos a participar activamente na FOLGA XERAL, que se vai celebrar en todo o Estado, para manifestar o noso firme rexeitamento como clase ás políticas de recorte de dereitos, na orde laboral e social, que está a levar adiante o Goberno español, e para esixir políticas reais de combate á crise, nunha perspectiva favorábel aos intereses da clase traballadora.

En contra do que viña sendo o seu discurso, e en coherencia co modelo de economía liberal que defende o PSOE, o Goberno español empezou por aprobar un recorte de salarios para os traballadores da Función Pública, xunto coa conxelación das pensións e o recorte do investimento público. Agora, aproba vía decreto lei, coa conseguinte validación no Congreso do Deputados, una reforma do mercado laboral que vén a facilitar e abaratar o despedimento, fornecer aos empresarios man de obra barata e subvencionada e erosionar a forza vinculante do convenio colectivo de sector. A maiores, o Goberno ten en carteira aprobar a ampliación da idade de xubilación, a reforma da negociación colectiva e mesmo o copago na sanidade pública.

Estamos a falar pois de medidas dun enorme calado que, se conseguen implantalas agora, vai ser moi difícil revertelas nun futuro inmediato, feitas ao ditado e en función dos intereses da banca, das grandes empresas transnacionais e do capital financeiro internacional.

Estamos ante reformas e medidas políticas, inxustas e inxustificábeis, dende o punto de vista dos intereses da clase traballadora, pois non van contribuír a crear emprego, nin a rematar coa temporalidade, nin a facilitar a saída á crise. Son reformas baseadas na mentira, pois non foron as rixideces do mercado laboral, nin os salarios, nin o gasto público, nin as pensións, nin a estruturación da negociación colectiva, as causantes da crise económica actual. Temos experiencias xa de crises económicas anteriores, nas que sempre se aplicaron

as mesmas receitas que na actualidade, recorte do gasto público e reformas laborais, e na práctica o que supuxeron foi máis temporalidade, máis rotación na contratación, maiores facilidades para despedir, perda do poder adquisitivo dos salarios, en definitiva, precarizar o traballo e perder dereitos a clase traballadora.

As medidas políticas que está a adoptar o Goberno e as que ten intención de facer, son, na súa maioría, as que veñen reivindicando dende hai anos a patronal e a banca, flexibilizar e desregular totalmente o mercado laboral; reducir á mínima expresión o sistema público de pensións, promovendo, así, que aqueles que teñan capacidade de aforro terminen meténdose no sistema privado; continuar coa privatización de servizos e empresas públicas; facerse, en definitiva, con todo aquilo no que poida haber negocio e gañar poder para a patronal, fronte á clase traballadora e ás organizacións sindicais, creando un escenario que lles permita afondar mellor e máis facilmente no seu modelo de capitalismo neoliberal. Estamos, pois, ante una loita de poder, cun fondo contido de clase. Unha loita que se vai endurecer nos próximos anos e para a que temos que estar mentalizados e preparados os traballadores e traballadoras e as organizacións de clase.

As alternativas de saída á crise están a confrontar dúas formas diferentes de saír da mesma, que se corresponden tamén con dous modelos diferentes de organización social e económica, en definitiva, con dous modelos de sociedade antagónicos. Por unha banda, un modelo antidemocrático, favorecedor dos intereses dunha minoría social, a oligarquía financeira, baseado nunha economía cada vez máis especulativa, que concentra a riqueza e o poder en poucas mans, xera fortes desigualdades sociais e privatiza e restrinxe o disfrute, por parte das clases populares, de dereitos fundamentais. Fronte a outro modelo de sociedade, favorábel aos intereses da clase traballadora e da maioría social, moito máis xusto, solidario, democrático, sustentábel (tanto

social como medio ambientalmente), que garanta non só creación de riqueza senón un reparto equitativo desta.

Cómpre, xa que logo, o día 29 de setembro, dar una resposta masiva a esta agresión aos nosos dereitos e intereses como clase. Desde a CIG levamos desde o inicio da crise reclamando a necesidade políticas favorábeis a un cambio de modelo económico e social e chamando tamén a medidas de presión

contundentes, como é o caso dunha Folga Xeral, para presionar o Goberno de cara a que puxese en práctica estas políticas. Correspóndelles ás centrais sindicais estatais explicar por que estiveron todo este tempo promovendo a confusión e a desmobilización, xerando expectativas de alternativas á crise que non eran posíbeis, nin no marco das mesas do diálogo social, nin baixo as premisas de conciliación de clases do Pacto Social.

Xesus Seixo
Secretario Xeral CIG

A crise como excusa para a reforma laboral

ESTAMOS no centro da crise. Una crise económica profunda que non foi creada polas persoas que traballan. Máis ben ao contrario, as enormes desigualdades sociais xeradas polo sistema capitalista neoliberal nas dúas últimas décadas están na raíz do problema. E sen embargo, este sistema que ten fracasado estrepitosamente e que ten demostrado a súa incapacidade para garantir una convivencia social xusta e redistributiva, segue negándose a calquera tipo de regulación financeira e impón as súas receitas antisociais e xogos especulativos por riba da política, dos gobernos, dos Estados e dos organismos internacionais.

A propia UE vai a aprobar una estratexia a longo prazo, ata o 2020, que será continuación da anterior “Estratexia de Lisboa” para seguir así coas medidas de redución do gasto social, recortes nos sistemas de pensións, merma de dereitos laborais e salariais e, en definitiva, empioramento das condicións de vida e de traballo da clase traballadora.

Está claro que na UE so teñen credibilidade este tipo de medidas que perpetúan a crise e merman o crecemento, priorizando os mercados de capitais e os movementos especulativos, mentres renuncian a calquera tipo de reforma fiscal progresiva . O chamado “estado de benestar” e o modelo social europeo, como factor de crecemento e coesión, queda totalmente relegado.

O goberno español participa e acata estas instrucións neoliberais, enmarcadas no “Pacto de Estabilidade e Crecemento” europeo, para abordar así axustes puros e duros como si dun goberno

conservador se tratase. As reiteradas promesas do Presidente español de que as medidas anticrise non afectarían aos dereitos da clase traballadora non foron máis que un engano continuado. Igualmente, o chamado “diálogo social” so serviu para gañar tempo, adormecer e retrasar as necesarias mobilizacións obreiras a prol de alternativas progresistas e de clase fronte á crise.

O goberno español despois de adoptar una serie de medidas pouco consistentes para saír da crise, favorecendo en maior medida ás entidades financeiras e adoptando planos coxunturais de investimento público de escasa importancia, da un xiro radical na súa política co decreto-lei 8/2010, de 20 de maio para reducir o déficit público a costa do persoal funcionario, das persoas pensionistas e dependentes, restrinxindo o investimento público e retrasando a recuperación económica e o emprego.

A continuación, o 16 de xuño, aproba o decreto-lei 10/2010 de reforma do mercado de traballo, facendo caso a diversos organismos internacionais e ao propio Banco de España, representantes do pensamento neoliberal que nos levou a este desastre e que, sen embargo, seguen a dirixir a saída da crise a costa da clase traballadora. Non é certo que a causa da crise radique no mundo do traballo e na súa suposta rixidez, nin é certo que a reforma laboral cree emprego. Pola contra, a merma nas condicións de traballo e salariais retrasará a saída da crise e fará recaer na clase traballadora as súas consecuencias máis dramáticas.

¿Qué medidas contén o decreto lei de reforma laboral?

Facilita e abarata o despedimento

1.- Xeneralízase como contrato tipo o contrato de fomento da contratación indefinida, que ten unha indemnización por despedimento máis barata (33 días por ano e un máximo de 24 mensualidades fronte aos 45 días e un máximo de 42 mensualidades do contrato indefinido ordinario).

Para os novos contratos de fomento da contratación indefinida, así como para os indefinidos ordinarios, no caso de despedimento obxectivo (colectivo ou individual) o FOGASA asumirá parte da indemnización abonando 8 días por ano de servizo. Desta forma a empresa so pagaría 12 dos 20 días por ano que legalmente se establecen ata un tope máximo de 12 mensualidades. Ou sexa que en caso dunha situación económica negativa, o Fondo de Garantía Salarial dedícase a subvencionar os despedimentos en lugar de subvencionar o mantemento do emprego. Ata agora xa se viña facendo isto coas empresas de menos de 25 persoas empregadas e agora a subvención esténdese a todas.

Ademais, cando se trate dun despedimento obxectivo declarado improcedente polo xulgado do social, ou ben sexa recoñecido como improcedente polo mesmo empresario, este poderá agora aforrarse os salarios de tramitación, o que indubidablemente, abarata o custe do despedimento improcedente.

2.-Facilítase que as empresas “que teñan unha situación económica negativa” poidan utilizar o despedimento obxectivo, cunha indemnización de so 20 días por ano e un máximo de 12 mensualidades. A estes efectos a empresa terá que “acreditar os resultados alegados e xustificar

que dos mesmos dedúcese minimamente a racionalidade da decisión extintiva”. Este tipo de redacción facilita enormemente a decisión de despedir por parte do empresario e debilita gravemente a garantía de tutela xudicial efectiva das persoas despedidas. Trátase de que os xuíces teñan pouco ou nada que dicir ante a decisión do empresario, que pode presentar un balance de resultados negativos conxuntural e xustificar minimamente a racionalidade da medida. Evidentemente por esta vía o despedimento é moito fácil e moito máis barato.

3.- O preaviso do despedimento obxectivo pasa de ser de 30 días a 15 días.

4.- Para levar adiante o que se denomina “modelo austríaco” o decreto lei establece que no prazo de 1 ano, constituirase un fondo de capitalización, de forma que o traballador ou traballadora poida facer efectivo o abono das cantidades ao seu favor nos supostos de despedimento, mobilidade xeográfica ou para actividades de formación. Se a persoa en cuestión non recorre nunca a este fondo, as cantidades que lle correspondan serán percibidas no intre da xubilación. O fondo estará operativo a partir do 1 de xaneiro de 2012, sendo de aplicación aos novos contratos indefinidos que se celebren a partir desa data.

Como o goberno parte da idea de que a reforma laboral non debe levar novos custes para as empresas, non se sabe como se vai a dotar economicamente ese fondo de capitalización e nada se dí ao respecto. A ver si van a ser os traballadores e traballadoras as que paguen mes a mes o seu posible despedimento. En calquera caso esta medida, que se aplicará regulamentariamente polo goberno, resposta á mesma filosofía de facilitar o despedimento evitando a discusión xudicial sobre a súa improcedencia.

Facilita a flexibilidade interna nas empresas e limita a negociación colectiva

- 1.- Introdúcense modificacións para axilizar os procedementos de mobilidade xeográfica e modificación substancial de condicións de traballo, con prazos improrrogables de 15 días para o período de consultas. Trátase de reforzar o poder discrecional do empresario fronte á capacidade negociadora da representación sindical. Ao final suprimiuse a proposta inicial do goberno de impor un laudo obrigatorio en caso de discrepancia, por considerar que podería afectar ao dereito de negociación e ser inconstitucional, e no decreto-lei o recurso á mediación e arbitraje será, no seu caso, voluntaria e acordada polas dúas partes.
- 2.- Decrétese a inaplicación salarial dos convenios colectivos cando “a situación e perspectivas económicas da empresa puidera verse danadas como consecuencia da aplicación do convenio, afectando ás posibilidades do mantemento do emprego na mesma”. Os CC deberán contemplar “procedementos para solventar de maneira efectiva as discrepancias que poidan xurdir na negociación para non aplicar o réxime salarial” e no caso de non existir acordo entre as partes, calquera delas poderá acudir a procedementos de mediación ou arbitraje. Ábrese así a posibilidade dunha baixada xeneralizada dos salarios para superar situacións de crises transitorias nas empresas. A clase traballadora paga entón, directamente, as consecuencias da crise. Ademais, con estas medidas bascula a negociación colectiva cara á negociación na empresa, limitando a negociación e a eficacia dos convenios de ámbito superior.

Non se ataca a precariedade laboral e mesmo fomentase a temporalidade

É certo que o decreto lei limita a duración máxima para o contrato de obra e servizo ata tres anos, que pode ser ampliada un ano máis por convenio colectivo. Tamén establécese unha indemnización gradual para os contratos temporais, de forma que en 2011

será de o días por ano traballado, aumentando cada ano nun día até chegar en 2015 esta será de 12 días por ano traballado.

Porén, non se atacan as causas da alta precariedade na contratación, xa que mentres que a empresa teña menos custe cunha contratación temporal que cunha fixa seguirá recurrido a ela. Por outra parte, o contrato de obra ou servizo determinado segue vinculado ás contratas e subcontratas, o que, dado o fenómeno de externalización produtiva, segue a ser a maior causa de precariedade. Tampouco se prohíbe o encadeamento dos contratos cando diferentes traballadores pasan sucesivamente por un mesmo posto de traballo.

E aínda por riba, coa nova regulación do contrato de fomento da contratación indefinida, foméntase o uso da temporalidade, xa que as empresas poden contratar temporalmente a unha persoa durante 6 meses para despois transformarlle o contrato en indefinido. Desta forma, para cubrir un posto de traballo fixo (e subvencionado) estase permitindo unha contratación temporal que vai a actuar como unha especie de contrato de proba, nada menos que durante seis meses.

Aplica novas bonificacións e subvencións as empresas, fundamentalmente no contrato para a formación e para a contratación da mocidade.

Para una maior utilización do contrato de formación, o decreto lei establece cinco medidas básicas: aumentar a idade de contratación ata os 24 anos, eximir totalmente ás empresas das cotizacións á Seguridade Social, eliminar os custes da formación teórica nas empresas de menos de 50 persoas, mellorar a protección social, incorporando o dereito ao seguro de desemprego, e subvencionar a reconversión destes contratos en indefinidos.

Consideramos que non ten xustificación algunha a decisión de aumentar a idade, agás o interés empresarial en contratar man de obra barata. Este tipo de contratos sabemos que da lugar a todo tipo de abusos, porque por unha parte a formación teórica na realidade non se imparte na grande maioría dos casos, e pola outra a remuneración garantida é baixísima, xa que para o primeiro ano se lle pode descontar do SMI o tempo dedicado á formación (mínimo dun 15%), e para o segundo ano de contrato

o salario garantido será o SMI, con independencia do tempo dedicado á formación.

Consideramos que una maior utilización destes contratos non pode basearse na exención das cotas sociais nin creemos que deban mermarse os ingresos da seguridade social para favorecer aos empresarios. Tampouco estamos dacordo coas subvencións para a contratación que, en definitiva, son transferencias ás empresas a costa do erario público e non resoven o problema de empregabilidade da mocidade. A protección social destes contratos tampouco é completa porque a base para o cálculo do desemprego é menor e discriminatoria respecto a outros contratos.

Deixanse esmorecer os servizos públicos de emprego mentres se legalizan as axencias de colocación con ánimo de lucro e se xeneraliza a actuación das ETTs.

Non se garante a contratación estable dos orientadores nos servizos públicos de emprego para cubrir os compromisos –sempre incumpridos- dunha atención personalizada ás persoas en paro, pero si se legalizan as axencias privadas de colocación con ánimo de lucro. Non se abordan os cambios requiridos pola CIG para que as persoas en paro non queden abandonadas á súa sorte e para que os servizos públicos sexan eficaces nas políticas activas, eliminando as subvencións ás empresas –que se levan a metade do gasto- e aplicando programas de orientación e formación adecuados ás necesidades. Tampouco se melloran cualitativa e cuantitativamente as prestacións por desemprego.

As axencias privadas de colocación van a ser colaboradoras do servizo público de emprego e poden substituír a este en relación co control das obrigas das persoas en paro e beneficiarias de prestacións (renovación da demanda, participación en traballos de colaboración social, acción de promoción de emprego, formación e reconversión profesional, xustificación de ter comparecido no lugar e data indicados para a cobertura das ofertas de emprego, etc). A CIG sempre se amosou contraria a súa legalización polos problemas de discriminación e de control abusivo no acceso ao emprego. Evidentemente a súa actuación e control das persoas que deban cubrir demandas de emprego vai ser moi diferente dos servizos públicos, porque elas cobrarán das empresas e xa se sabe que quen paga manda.

Por outra parte tamén se eliminan as prohibicións actuais sobre o campo de actuación das ETTs e agora os contratos de posta a disposición poderán ser utilizados en sectores como a construción, administracións públicas, etc, etc.

A proxima reforma do sistema de protección social

As políticas neoliberais da Unión Europea, que inciden esencialmente na parte do gasto e especificamente do gasto social, presionan inexorablemente sobre a reforma das pensións. De feito, a Ministra de Economía xa ten aclarado que hai un programa de reformas nese senso presentado na UE. Parece pois evidente que esas medidas non esperarán ao consenso do Pacto de Toledo e poden ser presentadas proximamente polo Executivo e aprobadas pola maioría parlamentaria. Loxicamente haberá que esperar a coñecer o contido desa reforma para pronunciarse expresamente sobre ela, pero o goberno xa adiantou no seu momento o interese en alongar a idade de xubilación aos 67 anos, aumentar o período de carencia para ter acceso á pensión contributiva, recortar a cuantía da pensión alongando o período para o cálculo -que podería chegar a contemplar toda a vida laboral-, reconsiderar as pensións de viuidade, restrinxir aínda máis a xubilación anticipada, etc. A presión política, mediática e mesmo intelectual sobre a insostibilidade do sistema de pensións é enorme e utilízase para ir máis alá e propor a capitalización dunha parte das pensións públicas e a defensa dos fondos de pensións como complemento dunha pensión básica e reducida. Esa é a gran tallada na que teñen que meter as mans as entidades financeiras para roubarnos así parte do noso salario diferido.

E una reflexión final

Ante todas estas reformas antisociais, dirixidas especialmente contra a clase traballadora, o sindicalismo de clase ten que ser belixerante e propor mobilizacións fronte aos axustes duros que pretenden tanto a Unión Europea como os distintos Estados ao

servizo do capital. O camiño de recortes en época de recesión pode ter consecuencias económicas desastrosas e consecuencias políticas impredecibles que favorezan o ascenso de forzas racistas e militaristas, como xa ocorrera nos anos 30, tal e como alerta a Confederación Europea de Sindicatos. De feito, é significativo o actual predominio dos gobernos conservadores en Europa.

O movemento sindical europeo, coordinado e organizado, é necesario para dar unha resposta eficaz, pero tamén é certo que cada sindicato no seu territorio ten que facer os deberes. No estado español CCOO e UGT estiveron enredados meses e meses nunha negociación inverosímil, incapaces de entender que a patronal vetaba toda posibilidade de acordo sobre calquera aspecto positivo para a clase traballadora. E, una vez máis, en vez de buscar apoios na participación e mobilización dos traballadores e traballadoras

entenderon o diálogo social como un fin en sé mesmo debilitando así ao movemento obreiro.

Pero agora ademais de ser contundentes na resposta e organizar adecuadamente unha folga xeral no estado español, así como coordinar as mobilizacións a nivel europeo, hai que ofrecer alternativas tanto a nivel ideolóxico como con propostas concretas para que a crise a pague o capital, ou dito doutro xeito, que as súas consecuencias sexan asumidas polos ricos e privilexiados para refinar a situación crítica actual e posibilitar unha sostibilidade económica, social e medioambiental. Nesa dirección a CIG ten elaborado dende primeiros de ano o documento "**Políticas alternativas para a crise**" a disposición do debate non so na afiliación, senón das demais organización sindicais e políticas, co obxectivo de impulsar e apoiar políticas de crecemento e creación de emprego.

Políticas contra a crise

A pesar de que a realidade é ben distinta, o conxunto de medidas adoptadas polo goberno español presentáronse ante a sociedade como paliativas da crise. Por unha parte –dicían- hai que impedir o esborrallamento do sistema financeiro e, por outra, evitar que as consecuencias da caída de actividade económica, nomeadamente o desemprego, nos leve a un maior afundimento da demanda efectiva.

Non obstante, os apoios directos á banca, a través da dispoñibilidade financeira pública, non están a cubrir o obxectivo de bombear novo crédito, xa que están sendo utilizados para limpar os sucios e ocultos paquetes de activos, mentres que se pechan as liñas de crédito vinculadas á actividade produtiva real e así o sistema non funciona. Tampouco as cativas medidas tomadas a prol dos EREs suspensivos ou as medidas temporais a prol das persoas paradas que esgotasen as prestacións por desemprego están resultando eficaces e a caída do consumo continúa. Nesta disxuntiva o goberno parece estar á espera de que o tempo pase ou ben se produza un fenómeno de arrastre en función do crecemento das economías cabeza do sistema capitalista. E esta parálise e falla de vontade política condénanos a unha saída da crise tardía e custosa, particularmente para os traballadores e traballadoras.

A CIG considera que outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. **En primeiro lugar**, a pesar de que o Estado non pode utilizar a política monetaria, competencia do Banco Central Europeo, nin conte hoxe con empresas públicas en sectores chave da economía, pode usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, provocando actividade económica directa por parte do Estado en infraestruturas e apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica. É tempo de promover empresas de pequeno capital con vínculos directos coa actividade produtiva e comezar actividades directamente produtivas con capital público. Temos que reivindicar a importancia social do público fronte ao privado, como forma de

incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a auga, a vivenda e o traballo.

En segundo lugar, e tendo en conta que a crise actual ten no seu cerne non só un problema obvio de desregulación financeira, senón un problema de distribución cada vez máis desigual da renda, consideramos que se debería aproveitar a situación actual para acometer unha reconsideración do conxunto do sistema fiscal para lle dar coherencia a este, reequilibrar o peso dos impostos directos e indirectos e recuperar o seu carácter progresivo, revertendo as contrarreformas regresivas dos últimos anos.

En terceiro lugar, o distanciamento prolongado entre as entidades financeiras e a economía produtiva supón para as pequenas e medianas empresas galegas un importante problema de financiamento a medio e longo prazo, que, aínda que neste momento se fai máis grave e visíbel como consecuencia da crise económica, realmente é un feito estrutural que pecha o desenvolvemento económico do país. Por iso, a saída á actual crise pasa por adoptar medidas de maior alcance que muden estruturalmente ese modelo fracasado, redefinindo e construíndo un auténtico sistema financeiro galego.

En cuarto lugar, o déficit de gasto social no Estado español é de 7 puntos do PIB en relación coa media da Unión Europea e isto ten a súa translación en todos os ámbitos onde a clase traballadora e a maioría da poboación somos vítimas duns servizos públicos deficientes. Por iso a CIG reclama que en Galiza se acade a porcentaxe media do PIB que se destina na UE a gasto social, o que resulta máis necesario se cabe nas situacións de crise como a actual, tanto pola súa incidencia no benestar social como na xeración de emprego.

En quinto lugar, é un feito incuestionábel que en épocas de crise o desemprego medra aquí moi por riba da media europea, debido fundamentalmente á alta temporalidade existente e a unha lexislación enfocada ao despedimento fácil xunto á escasa utili-

zación dos expedientes suspensivos ou de redución de xornada. É necesario adoptar medidas reais no eido laboral para corrixir esta situación así como reformas no sistema público de emprego que faciliten a inserción das persoas en paro, melloren a formación profesional e revisen as prestacións por desemprego incorporando o salario de inserción laboral.

En sexto lugar, Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. A CIG mantén viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque considera que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras, e consideramos que a Xunta de Galiza debe reivindicar non só todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón particularmente a capacidade normativa en materia de emprego, dereitos laborais e protección social.

1 Reforma fiscal para saír da crise e mellorar a equidade

A fiscalidade é un instrumento clave para a distribución da riqueza e para medir o grao de solidariedade vixente nunha sociedade. As contrarreformas levadas a cabo nos últimos anos, tanto polos gobernos do PP como do PSOE, aumentaron as desigualdades reducindo a presión fiscal aos ricos e ao capital, mentres que aumentaban os impostos ás rendas medias e baixas sobre todo a través dos impostos indirectos e o salto de tramo no IRPF como efecto da inflación.

E esas desigualdades están na raíz mesma da crise actual, porque a queda continuada da capacidade de compra efectiva das rendas modestas constitúe un freo obxectivo á expansión da demanda da economía, incapaz de dar saída á crecente capacidade produtiva do sistema. Foi entón cando as políticas neoliberais tiraron da expansión desmesurada e irresponsábel do diñeiro por parte dos bancos centrais e da promoción do endebedamento masivo de todos os axentes da economía, incluídas empresas e familias. Iso só podía acabar como acabou: cunha profunda recesión e unha crise de endebedamento que arrastra a todo o sistema financeiro.

Agora, cando o déficit público se dispara pola caída en picado de ingresos públicos e o aumento do gasto en desemprego, o goberno do PSOE decide subir o IVE, incrementando a carga fiscal ás clases populares, e reducir o gasto público. Unha vez máis, adóptanse medidas circunstanciais para unha maior recadación, renegando da política fiscal como instrumento clave para revisar o modelo de acumulación e crecemento, mentres que se predica austeridade e adelgazamento do público en lugar de dotar as administracións de maior capacidade de actuación.

Este diagnóstico da realidade implica a necesidade dun cambio de rumbo, acometendo unha reforma fiscal en profundidade, reequilibrando o peso dos impostos directos e indirectos e recuperando o carácter progresivo do sistema fiscal no seu conxunto. A CIG, no Documento do Consello Confederal, dálle moita importancia a este tema e detalla unha serie de propostas destinadas a reverter as medidas fiscais dos últimos anos. A seguir explicitamos os criterios básicos desa proposta:

- **Creación dun imposto para as grandes fortunas** como peza clave de distribución da renda, gravando de xeito progresivo (8 tramos) os grandes patrimonios a un tipo aplicábel do 0,5% até o 4%.
- **Melloras no IRPF**: establecendo dous novos tramos e tipos marxinais superiores para as rendas altas; eliminando todo tipo de figuras excepcionais que privilexian as rendas altas ou deportistas de elite; gravando as rendas do capital de forma discriminada en función da súa contía, de xeito que as que superen os 6.000 euros se incorporen á base imponible xeral.
- **Reformas no IS** (imposto de sociedades): incorporación das SICAVs e outras sociedades de investimento ao réxime xeral do IS; delimitación clara e tipificación como delito da habitual práctica fraudulenta de imputar como gastos das empresas a compra de bens e servizos de uso particular; restrición e definición axeitada das actividades innovadoras con tratamento fiscal favorábel; concesión de bonificacións fiscais no gasto de I+D exclusivamente para as pequenas e medianas empresas (PEMES).
- **Melloras na estrutura e tipos do IVE**, de xeito que no grupo dos superreducidos (tipo do 4%) se incorporen, ademais de moitos produtos hoxe incluídos (pan, leite, hortalizas, legumes, etc.), outros alimentos e bens de consumo básico, como carne, peixe, conservas, transporte público e alugueiros, porque é totalmente arbitrario e discriminatorio que estes produtos paguen máis que os agrarios ou mesmo que xornais e revistas,

prejudicando precisamente as producións nas que Galiza está especializada.

- **Implementación da fiscalidade verde**, que, baseada no principio de que quen contamina paga e quen conserva recibe, revise o réxime impositivo sobre a contaminación atmosférica e outras emisións diminuíndo o mínimo exento e aumentando a taxa impositiva, ao tempo que incentiva e potencia actividades produtivas que teñen efectos ambientais positivos.
- **Loita contra a fraude fiscal**. Existe un notábel consenso en sinalar o elevadísimo nivel de fraude e de evasión fiscal concentrado nas rendas non salariais, mentres que unha e outra vez se transmite a idea de que non hai cartos para melloras sociais. Pois ben, a CIG asume como prioritaria a reivindicación da loita contra a fraude fiscal, por razóns de xustiza social, e propuxo un plan operativo orientado a esa finalidade, que comprende aspectos organizativos, actuacións contra o branqueo de capitais e paraísos fiscais, reforzamento dos controis no IVE e cambios no réxime de módulos, medidas contra a utilización abusiva dos réximes fiscais especiais e contra a fraude organizada e operación de enxeñería financeira.

2 Redefinición do sistema financeiro galego

O encadeamento dunha profunda restrición do crédito coa recesión económica ameaza con crear un círculo vicioso que require medidas audaces para evitar o seu alongamento. As axudas públicas á banca non son a solución, e máis cando estas se realizan sen un control finalista comprometido coas necesidades da economía real, porque, como se está a confirmar, non resolven as dificultades de crédito e financiamento das empresas produtivas galegas.

En realidade, máis alá da gravidade da situación actual, as empresas produtivas, nomeadamente as PEMES, levan padecendo un notábel racionamento do crédito desde hai moitos anos, afectando aos investimentos a medio e longo prazo, necesarios para a súa modernización e expansión. A banca preferiu centrarse no mercado financeiro, negocios interbancarios e hipotecarios, de alto rendemento a curto prazo e esta “financeirización” da economía creou as condicións para

procesos de carácter especulativo e de burbulla que para nada contribúen á creación de riqueza, senón todo o contrario.

Este problema é máis agudo nas economías periféricas, como a nosa, porque desde o lado da oferta as entidades financeiras aproveitan a globalización capitalista para orientar a súa actividade a mercados interbancarios e con maior liquidez, realimentando o círculo vicioso que obstaculiza o desenvolvemento económico. Desde o lado da demanda acrecéntanse as dificultades dado o contexto de pequenas e medianas empresas, que teñen dificultades para formular proxectos de investimentos rigorosos e viábeis sen o apoio dunha estrutura próxima e solvente de asesoramento e de impulso de actividades produtivas.

Por todo ese conxunto de razóns, a CIG formulou a súa proposta de redefinir e construír un auténtico sistema financeiro galego, que de seguido expoñemos sinteticamente, e que está asentado en tres grandes piares:

- **Creación dun INSTITUTO GALEGO DE CRÉDITO E INVESTIMENTO**, utilizando as competencias atribuídas polo Estatuto de Autonomía, co obxectivo de reformular os instrumentos financeiros á disposición das nosas empresas produtivas, tanto para superar a crise como para estar en mellores condicións de medrar no futuro, cunha orientación do crédito cara a actividades innovadoras e cara á estratexia de desenvolvemento sustentábel.
- **Creación dunha BANCA PÚBLICA GALEGA**, conformada como Banca Pública Comercial, con capacidade para a captación de aforro, crédito e investimento, actuando como Axencia Financeira da Comunidade Autónoma.
- **Constitución dunha CAIXA DE AFORROS GALEGA**. Consideramos que no actual proceso de reestruturación é importante que se constituía unha Caixa Galega, claramente orientada a apoiar financeiramente o tecido produtivo do país, fortalecendo os lazos coas empresas galegas, tanto a través da política crediticia como da participación directa no capital de empresas industriais e de servizos, democratizando a constitución dos órganos de dirección e a xestión dos recursos con criterios de interese social e de país. Desde a CIG opoñémonos ao FROB (Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria) porque, entre outras razóns, interfere en competencias recollidas no Estatuto de Autonomía de Galiza e tenta fixar un escenario para a privatización futura das Caixas, e defendemos abertamente o carácter público e social destas.

Incremento do gasto social

No contexto da globalización neoliberal, todos os países foron sucumbindo ás súas receitas flexibilizadoras, primando o crecemento económico sobre a protección social, o que levou a un aumento exponencial das desigualdades sociais, especialmente nos países onde estas receitas se aplicaron con maior contundencia. Pola contra, aqueles países que optaron por políticas máis redistributivas, con maior nivel de gasto público, non están sufrindo a crise con tanta virulencia e os instrumentos de protección social están servindo como amortecedores desta. A CIG, no documento do Consello Confederal, propón un notábel incremento de gasto público e nomeadamente do gasto social para que este acade en Galiza a porcentaxe media do PIB que se destina na Unión Europea. Detállanse toda unha serie de medidas e actuación en distintos ámbitos para garantir uns servizos públicos e infraestruturas axeitadas. Expoñemos a continuación, aínda que moi sinteticamente, a dirección e contido destas.

1 Sanidade

- Dotación orzamentaria que permita acadar un sistema sanitario público de calidade, garantindo á poboación os principios básicos de universalidade, gratuidade e equidade no acceso ao sistema.
 - Asignación de recursos (económicos, humanos e técnicos) como condición básica sobre a que construír máis eficiencia, máis equidade, máis cantidade e máis calidade nas actuacións do sistema sanitario público e dos seus traballadores e traballadoras.
 - Unha defensa activa do sistema sanitario público.
- Rexeitamos a actual política de concertos coa sanidade privada, que ten como máxima pretensión crear unha confusión entre a sanidade pública e privada: incumprimento da Lei de incompatibilidades e do traballo en réxime de exclusiva.
- Rexeitamos calquera intención de introducir no sistema sanitario público os modelos de iniciativa de financiamento privado. Esiximos que o plan directorio de infraestruturas sanitarias se financie integramente con fondos públicos, tanto na construción como na xestión destes: hospitais de Vigo e Pontevedra, posta en funcionamento do hospital de Lugo, construcións dos centros de saúde e as obras de adaptación nos distintos hospitais.
 - Dotación dun plan de funcionamento dos centros hospitalarios en quenda de tarde.
 - Corrixir a desigualdade territorial dos recursos sanitarios. Implantación das medidas que permitan corrixir os problemas de acceso á atención sanitaria, en particular as listaxes de espera para diagnóstico e tratamento cirúrxico, que é o problema máis grave da sanidade pública e un indicador claro do deficiente funcionamento do sistema.
 - Integración no SERGAS das fundacións: Galaria, O61, CTG e do Instituto Xenómico.
 - Negociación na Mesa Sectorial dun plan integral de RRHH para os traballadores e traballadoras do SERGAS, abordando todas as cuestións relacionadas coas condicións laborais e profesionais do persoal fixo e eventual para evitar a desmotivación, sobrecargas de traballo e ansiedade que caracterizan a situación actual.
 - Respecto absoluto aos acordos asinados: Plan Mellora de Atención Primaria, Plan de Saúde Mental, Acordos retributivos 2008-20012, Carreira Profesional...
 - Ampliación dos cadros de persoal e sistema de selección temporal e definitiva que rematen coa precariedade laboral.

2 Ensino

- Elaboración dunha lei galega de educación para conformar un auténtico sistema educativo galego e podermos planificar o ensino en Galiza en función dos nosos intereses e necesidades.
- Defensa inequívoca do ensino público. Rexeitamento dos concertos educativos. Incremento dos orzamentos destinados a educación até alcanzar un 7% do PIB, para facilitar a máxima calidade educativa, a igualdade de oportunidades, a gratuidade efectiva e a universalidade.
- Mantemento e extensión das Galescolas como modelo educativo público galego para a educación infantil de 0 a 3 anos. A Administración ofertará, na rede pública, prazas suficientes de 0 a 3 anos.
- Ordenar e incrementar a oferta de ciclos formativos no ensino público, satisfacendo a demanda existente para facilitar o emprego e o desenvolvemento daqueles sectores estratéxicos do tecido industrial e produtivo galego. Eliminar os concertos educativos na formación profesional.
- Dotar o ensino público do profesorado preciso para satisfacer as necesidades educativas dos centros, reducir as ratios, atender a diversidade, prever e actuar contra o fracaso e o abandono escolar e acadar a máxima calidade posíbel. Dotación, en todos os centros públicos, de administrativos e de coidadores, educadores sociais e outros profesionais nos que sexan necesarios.
- A Administración educativa dotará todos os centros educativos públicos dos servizos complementarios necesarios, nomeadamente de comedores escolares. Garantiráselle a gratuidade a todo aquel alumnado con escasos recursos. Así mesmo, a Administración facilitará a gratuidade e universalidade das actividades extraescolares nos centros públicos.
- Garantir en todos os centros públicos a oferta suficiente de Programas de Cualificación Profesional Inicial, tendo como obxectivo que o alumnado acade a titulación de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Elaboración dun plan de prevención e redución do fracaso escolar e do abandono temperán do sistema educativo, cos recursos e medios necesarios para garantir, na práctica, a igualdade de oportunidades e equidade educativa que evite a marxinalidade e a exclusión social.
- Reestabelecemento da gratuidade dos libros de texto a todo o alumnado do ensino infantil e obrigatorio.

3 Vivenda

- Garantir o dereito das persoas a acceder a unha vivenda digna.
- Garantir unha actuación pública integral en materia de vivenda, que comprenda a ordenación territorial e urbanística, a obtención de solo e a súa urbanización.
- Estabelecer criterios construtivos, tanto para casas novas como rehabilitadas, de adaptación aos esquemas da bioconstrución: aforro enerxético, utilización de enerxías renovábeis, materiais respectuosos...
- Sacar ao mercado as vivendas baleiras e ofertar en alugueiro as vivendas protexidas.

4 Infraestruturas

- A CIG propón unha análise do conxunto das infraestruturas necesarias para contribuír á cohesión territorial e social da nosa nación, que contribúan ao desenvolvemento económico, ao benestar da cidadanía e ao emprego. Só así se pode acometer unha planificación de estradas con certa racionalidade, ou implementar a xestión única do sistema portuario e aeroportuario galego.
- O transporte ferroviario debe ser o modelo prioritario para mercadorías e persoas, achegando as comarcas entre si e solventando as súas necesidades cotiás de comunicación.
- Débese favorecer unha mobilidade sustentábel, potenciar o transporte público e a intermodalidade, coa creación de estacións intermodais nas sete cidades galegas.

5 Medio ambiente

- Reforzar o papel das enerxías renovábeis, reducir notabelmente a dependencia do petróleo e declarar Galiza territorio desnuclearizado.
- Pular por unha economía diversificada, que complete os seus ciclos produtivos na nosa Terra, e que sexa autosustentada e respectuosa co medio.

- Implantar unha política dirixida á innovación tecnolóxica, para deseñar e desenvolver produtos e servizos limpos e ecoeficientes.
- Reformar a Lei de RSU para adaptala ás nosas necesidades, que aposte decididamente polo rexeitamento á incineración e se centre na minimización da produción dos residuos, e na súa reutilización e reciclaxe. Ademais cómpre reorientar SOGAMA para que sexa realmente unha empresa ambiental.
- Desenvolver unha Lei de Protección dos Ecosistemas Fluviais. Crear unha verdadeira Rede de Vixilancia e Control do estado ecolóxico dos ríos, así como contar cos medios necesarios para detectar e actuar de maneira áxil en caso de verteduras contaminantes.
- Contar cun Plan de Saneamento Integral de todas as masas de auga tanto naturais como artificiais, para lograr en 2015 o bo estado ecolóxico das augas, tal e como indica a Directiva marco de Augas.
- Incrementar os medios técnicos e de inspección para controlar o cumprimento da normativa ambiental por parte das empresas e esixir a consulta sindical nos procesos de Autorización Ambiental Integrada, dando información en todo momento respecto da situación na que se atopan os trámites de cada empresa, as esixencias que se requiren e o seu nivel de cumprimento.
- Rexeitar os transxénicos, evitando a “coexistencia” con produtos convencionais ou ecolóxicos.
- Apoio público á agricultura e á gandería ecolóxica.

6 Igualdade e conciliación

- Ampliar a rede de escolas infantís públicas, con horarios amplos adaptados ás novas necesidades do mundo do traballo, facilitando así a inserción laboral das mulleres.
- Estabelecemento dunha prestación específica para os períodos de redución de xornada ou excedencias por coidado de familiares ou para a realización

de estudos para a mellora profesional.

- Axudas directas de carácter mensual por cada descendente até a idade de 18 anos, de contías variábeis en función das rendas familiares.
- Aumentar o período de baixa maternal como un incentivo máis para frear o abandono laboral das nais.

7 Dependencia

- Garantir o dereito de todas as persoas en situación de dependencia a ter un servizo público (residencias, axuda domiciliaria, centros de día...) que dea resposta ás diferentes realidades e necesidades de coidado.
- Aprobar un mapa de necesidades de atención en situacións de dependencia.
- Estabelecer a obrigatoriedade das institucións de garantir ese servizo, para o que é necesario mellorar o financiamento tanto da Comunidade Autónoma como dos Concellos, que teñen un indubidábel protagonismo neste eido.
- Crear un instrumento de seguimento e avaliación da implantación do sistema de dependencia no conxunto do territorio galego.

8 Cultura

- Apoio á cultura e lingua galegas. Isto, alén de pór en valor aquilo que nos identifica como pobo, é unha fonte importante de creación de emprego.
- Fomento, desde a Xunta de Galiza, da produción propia en todos os ámbitos de creación e comunicación da nosa cultura (televisión, radio, cinema, música, teatro, artesanía, audiovisuais, Internet, edicións...)

Medidas de política laboral: emprego, desemprego, formación, seguridade e saúde laboral

As políticas de emprego son políticas de crecemento económico para crear postos de traballo. Unha política económica acaída ás necesidades do país, determinadas regulamentacións normativas sectoriais, unha política industrial activa, etc., son instrumentos para crear emprego. Xustamente como iso é o que non se fai, a patronal e os gobernos central e galego queren, interesadamente, facer recaer a responsabilidade do paro sobre a política laboral, léase reforma laboral, coa intención de seguir empeorando as condicións de emprego de traballadores e traballadoras.

A CIG, pola contra, defende que, dado un nivel de crecemento económico, a política laboral debe preservar os empregos e conseguir que haxa menos paro. O certo é que en todo o Estado español, aínda que as caídas do PIB sexan menores que na maioría dos estados da UE, o desemprego é notabelmente máis alto e aí é onde debe actuar a política laboral.

O escandaloso incremento do desemprego en épocas de crise ten causa, evidentemente, en razón do tipo de modelo produtivo, patrón de crecemento baseado na construción e en actividades de baixa cualificación, dimensión das empresas, etc., pero tamén nunha lexislación favorecedora da precariedade laboral, do fácil despedimento e dun sistema de protección por desemprego con moitas eivas cualitativas e cuantitativas. A CIG, no documento do Consello Confederal, propón unha serie de reformas realistas para incidir nesta problemática, tendo en conta particularmente a realidade das pequenas empresas, que expoñemos deseguido de forma resumida:

1 En defensa do traballo

- Respecto pola causalidade na contratación temporal e indemnización adecuada en relación co contrato indefinido. Requírese un notábel incremento dos medios da Inspección de Traballo para loitar contra a precariedade e a fraude masiva na contratación. Débese suprimir o contrato indefinido para o fomento do emprego, que so serviu para rebaixar as indemnizacións por despedimento, así como as axudas xenéricas á contratación que non supoñen creación de emprego. É necesario que nos casos de contrato temporal a persoa traballadora teña dereito, á súa finalización, a cobrar unha indemnización equivalente ao dez por cento do salario bruto percibido ao longo do contrato.
- Fomentar a suspensión dos contratos ou reducións de xornada ante unha situación de crise na empresa en lugar do despedimento ou dos EREs extintivos. Débese cambiar o sentido do FOGASA para que, en vez de subvencionar os despedimentos na pequena empresa, sirva para subvencionar as suspensións dos contratos ou reducións de xornada, mantendo os empregos. Por outra parte, esiximos da Xunta de Galiza unha actitude máis proactiva na defensa dos postos de traballo, actuando con rigor nos EREs, tomando medidas incentivadoras do mantemento do emprego e perseguindo as prácticas que se aproveitan da crise para implantar condicións abusivas.
- Necesidade de revisar a política de subcontratación e privatización dos servizos públicos. O necesario aumento do gasto social e a conseguinte xeración de emprego non se pode dar, como até o de agora, a custa da calidade dos servizos e das condicións de traballo precarias das persoas que os levan a cabo.

2 Protección por desempleo

- Implementación de políticas activas eficaces, o que require cambios no servizo público de emprego para a reactivación e mellora profesional das persoas en paro, eliminando gran parte das subvencións actuais -que representan máis da metade do gasto-, incrementando notabelmente os medios humanos e o gasto dedicado a formación, concretamente á formación das persoas en paro. Afondar na complementariedade das políticas activas e pasivas, que deben considerarse vinculadas e como tal transferidas a Galiza, así como aplicar métodos rigorosos de avaliación destas para mellorar o seu deseño e efectos.
- Mellorar a prestación por desempleo. Entre outras cuestións, como aumentar a contía da prestación asistencial ou ampliar as situación e colectivos protexidos, débese garantir un dereito de reposición real da prestación por desempleo, considerándose o paro como non consumido, no caso das persoas afectadas por un ou máis EREs suspensivos ou de redución de xornada.
- Salario de Inserción Laboral, como complemento da protección por desempleo, para todas aquelas persoas desempregadas que non cobren ningún tipo de prestación económica.

3 Formación para o emprego

- Transferencia da totalidade da formación para o emprego, ocupacional e continua, e negociación dunha porcentaxe de financiamento que corrixa o que sería o retorno bruto de cotas, en función da poboación beneficiaria, a dispersión xeográfica, etc.
- Xestión tripartita por parte de sindicatos, patronal e administración, eliminando a rede de centros colaboradores privados.
- Modelo propio de formación, que debe ser implementado sen interferencias nin solapamentos de carácter estatal ou sectorial.

4 Seguridade e saúde laboral.

- Impulso do ISSGA (Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza) e cumprimento efectivo do seu plan de traballo asinado cos axentes sociais no 2006 e que agora está paralizado.
- Elaboración dunha estatística de enfermidades profesionais e establecemento dun mecanismo ou protocolo de información e coordinación entre Sanidade e Traballo para que as enfermidades sexan detectadas e recoñecidas como profesionais.
- Integración da prevención no sector público, negociando compromisos concretos de actuación.
- Democratización das mutuas cunha participación real das organizacións sindicais e empresariais.
- Formar e concienciar os traballadores e traballadoras sobre os seus dereitos e as medidas necesarias para reducir os riscos laborais e a contaminación ambiental.

Soberanía nacional e competencias

Como xa dicíamos, a CIG considera que o actual marco xurídico é insuficiente, sobre todo nas materias que máis nos afectan como clase. Aspiramos polo tanto a un autogoberno sustentado na autodeterminación e soberanía nacional. Non podemos aceptar simples transferencias de xestión condicionadas ao modelo estatal. Temos que reivindicar, nestes momentos, as máximas cotas competenciais que a normativa (Estatuto galego e Constitución española) posibilita, pero que non foron transferidas, así como aquelas outras que xogan un papel fundamental á hora de ter decisión propia en materias como emprego, protección social ou negociación colectiva, enchendo así de contido o Marco Galego de Relacións Laborais e Protección Social. Esiximos pois da Xunta de Galiza que reclame a transferencia das seguintes competencias:

- Lexislación laboral e social.
 - Políticas activas e pasivas de emprego, inspección de traballo, fondo de garantía salarial.
 - As funcións da Seguridade Social e a xestión das cotizacións correspondentes.
 - Portos xerais, aeroportos, camiños de ferro e estradas que transcorran por Galiza.
 - Ordenación das actividades económica, industrial e enerxética.
 - Recadación do IRPF, IVE e Imposto de Sociedades. Creación dunha Axencia Tributaria propia.
- Convertamos esta crise económica nunha oportunidade para loitar por un cambio real de modelo produtivo, económico e social, e tamén para verificar a necesidade de conquistar unha maior soberanía política para unha mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega.

Santiago, xaneiro de 2010
CONSELLO CONFEDERAL DA CIG



Confederación Intersindical Galega